

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



RESOLUCIÓN
(Expediente 658/406)

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo mediante acordo do 09.06.2022, conforme á Oferta excepcional de Emprego Público de data 01.04.2022 e conforme ao previsto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, convocou proceso de selección (concurso-oposición) para proveer dous prazas pertencentes ao Grupo A, Subgrupo A1 na Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, categoría superior (arquitecto). As Bases Específicas publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP) de data 22.06.2022; o seu extracto no BOE de 18.07.2022.

Rematado o proceso selectivo o Tribunal Cualificador publicou na Sede Electrónica do Concello de Vigo con datas do 06/02/2023 e 16/02/2023 a proposta de nomeamento e a relación definitiva de aspirantes con maior puntuación. Consta que as persoas aspirantes propostas para nomeamento presentaron ante os Servizos Centrais da XMU a documentación sinalada na Base Oitava da convocatoria.

Corresponde á Vicepresidencia da XMU, por delegación da Presidencia, a competencia para resolver o procedemento de selección e para nomear ao persoal funcionario de carreira; a tal efecto, resolvo,

PRIMEIRO. Nomear funcionarios de carreira da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo pertencente á escala de Administración Especial, Subescala Técnica, categoría superior (arquitecto) a:

D^a LORENA GONZÁLEZ GARCÍA *8116****

D. JESÚS GARABAL FERNÁNDEZ *4206****

SEGUNDO. Conforme ao disposto no artigo 62.1 c) do R.D. Lex. 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o T.R. da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, para adquirir a condición de funcionario de carreira as persoas nomeadas prestarán acatamento da Constitución e tomarán posesión do seu destino no prazo de tres días a partires do seguinte á data de publicación desta Resolución no BOP.

TERCEIRO. Estimar parcialmente, conforme a proposta do Tribunal cualificador que consta na Acta VII de data 13/02/2023, o recurso de alzada interposto polo o aspirante D. DPA. A Orde de puntuación definitiva do proceso selectivo correspóndese coa que consta na citada Acta.

CUARTO. Notificar a presente Resolución ás persoas interesadas no presente procedemento e proceder a súa publicación no BOP e na Sede Electrónica do Concello de Vigo.

QUINTO. A presente Resolución pon fin á vía administrativa, contra a mesma poderá interpoñerse perante a Presidencia da XMU recurso potestativo de reposición previo ao contencioso-administrativo no prazo dun (1) mes a partires do día seguinte á data da publicación desta Resolución no BOP, ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados da Xurisdición Contencioso-Administrativa da Cidade de Vigo no prazo de dous (2) a partires da mesma data. Os interesados poderán exercer calquera outro recurso que estimen pertinente e sexa conforme a dereito.

Se no prazo dun mes desde a interposición do recurso de reposición non recae resolución expresa entenderase desestimado; o recorrente poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente da Xurisdición Cont-Adtva.

A Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo
María José Caride Estévez

Ante min, o secretario da XMU
José Riesgo Boluda